





Concello de Laxe

CARACTERIZACIÓN DA DEMANDA TURÍSTICA

Verán 2017



CONTIDO:

1. Introducción
2. Metodoloxía
3. Interpretación de resultados
4. Conclusións
5. Anexos



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es

1. INTRODUCCIÓN



1. INTRODUCCIÓN

Dende os anos noventa do século pasado Laxe presenta uns índices de crecemento turístico constante, tanto a nivel de oferta coma de demanda.

Froito desta transformación Laxe pasou da tradicional caracterización coma pobo mariñeiro e agrícola a basear unha parte moi importante da súa economía na explotación turística dos seus recursos. Como resultado, no ano 2007 este municipio de 37,2 km² e 3.148 habitantes – datos INE 2016- foi oficialmente declarado Municipio Galego de Interese Turístico.

O crecemento da actividade turística en Laxe xustifica pois a necesidade de analizar a demanda turística municipal para obter datos que permitan aproveitar a potencialidade turística deste Concello.

Visto, ademáis, que o turismo é unha das principais fontes económicas municipais resulta de grande interese coñecer como se comportan os turistas e así poder ofertarlles mellores bens e servizos. Pero, como sabemos, o comportamento do consumidor turístico non é materia de sinxelo estudo, pois pode verse influído por factores sociais, persoais, psicolóxicos e culturais, que o complican aínda máis.

Tampouco é sinxelo o proceso de decisión de compra, cuxa duración e existencia dependerá da complexidade do propio produto. Sen embargo, coñecer as características tanto cuantitativas coma cualitativas do comportamento do turista é crucial para a toma de decisións porque o seu resultado permite coñecer obxectivamente a realidade e canalizar a venda e comercialización do propio destino. Polo tanto poderíamos dicir que os principais beneficios do estudo que aquí se presenta son, entre outros:

- A posibilidade de captar novos segmentos
- O coñecemento dos grupos de influencia
- O axuste dos recursos dispoñibles ás necesidades reais de quen nos visitan e invisten tanto o seu tempo coma o seu diñeiro no noso territorio.



2. METODOLOXÍA



2. METODOLOXÍA

Os resultados que se presentan neste documento teñen a súa orixe no deseño, validación e execución dun proceso de consulta interactiva que permite a análise de determinadas características do consumidor turístico laxense.

A metodoloxía empregada sérvese do uso de fontes informativas directas baseadas na realización de enquisas pechadas, respostadas en base a un cuestionario elaborado sistemática e cuidadosamente polo persoal que atende o servizo de información turística en época estival dende o Punto Municipal de Información Turística situado no Paseo Marítimo de Laxe. O seu uso posibilita o proceso de consulta a partir das respostas dos enquisados a unha serie de preguntas efectuadas.

O cuestionario é, así mesmo, un instrumento moi útil para facer a recollida de datos, especialmente nun caso coma este, no que existe unha verdadeira dispersión dos suxeitos ós que interesa considerar. Permite ademais obter, de xeito sistemático e ordenado, información sobre a poboación coa que se traballa e sobre as variables que realmente interesan para efectuar a investigación.

Para asegurar o seu éxito é preciso formular preguntas claras e concisas que maximicen a probabilidade de que o enquisado conteste e que o faga ademais coa maior das verosimilitudes. Tamén é moi importante que se axuste ás verdadeiras necesidades e que permita acadar o obxectivo para o que se realiza.

Neste caso o cuestionario realizado estivo composto de seis preguntas base:

- Procedencia
- Tipo de aloxamento
- Tempo da estadía
- Decisión da visita
- Número de visitas anteriores
- Motivo da consulta

Destas seis preguntas efectuadas en base a respostas pechadas, obtivéronse resultados de dous tipos fundamentais:



1. **Feitos:** relativos ó ámbito persoal do enquisado e ó ambiente que o rodea.
2. **Actitudes, motivacións e sentimentos:** que empuxan á acción e ó comportamento.

Nesta investigación a unidade informante refírese a tódolos turistas que realizaron algún tipo de consulta¹ no lugar de encuestación situado no Punto Municipal de Información Turística do Concello de Laxe no período comprendido entre o 15 de xullo e o 10 de setembro do ano 2017. Estimamos que a mostra, composta por un total de 1.185 individuos, é totalmente representativa.

Os cuestionarios realizáronse de xeito homoxeneo a tódolos participantes no estudo. Para axilizar o proceso e evitar a reticencia dalgún enquisado a respostar, as preguntas efectuáronse de xeito oral e informatizáronse polo propio enquisador no mesmo momento².

A partir dos datos recolectados realizouse a correspondente tabulación e tratamento. A información, como se verá, preséntase mediante unha análise de frecuencias e porcentaxes.

Finalmente, o proceso conclúe coa derivación das pertinentes conclusións.

¹ Quedaron excluídos os individuos que entraron no PMIT e non solicitaron información turística dirixíndose directamente ó persoal técnico.

² Ver Anexo I. Cuestionario.



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es

3. INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS



3. INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS

A continuación procédese a expoñer os resultados derivados das enquisas efectuadas e, en consecuencia, a emitir unha serie de táboas e gráficos que reflexen os resultados obtidos.

Táboa 1: Número de enquisas realizadas.	
Oficinas	Total de enquisas realizadas
Punto Municipal de Información Turística (PMIT)	1.185
	1.185

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.

Tal e como podemos observar tanto na Táboa 1 coma na Gráfica 1, esta investigación está baseada na realización dun total de 1.185 enquisas, efectuadas, na súa totalidade, dende o Punto Municipal de Información Turística.

Táboa 2: Procedencias dos enquisados.		
	Total	Porcentaxe
Nacionais	1026	86,58 %
Extranxeiros	159	13,42 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.



Un total de 1.026 entrevistas foron realizadas a visitantes nacionais e 159 a visitantes procedentes de países estranxeiros.

Táboa 3: Número de visitas según provincia galega de referencia.			
	Total	Porcentaxe nacionais	Porcentaxe total
A Coruña	140	13,65 %	11,81 %
Lugo	22	2,14 %	1,86 %
Ourense	1	0,10 %	0,08 %
Pontevedra	20	1,95 %	1,69 %
Total provincias	183	17,84 %	15,44 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación

Dentro do contexto nacional un 17,84 % dos enquisados é galego; os coruñeses aportan unha porcentaxe do 13,65 %, seguidos de lonxe por pontevedreses con 1,95 %, lucenses con 2,14 % e finalmente os ourensás con 0,10 % de representación respecto ó conxunto de visitas nacionais.




Táboa 4: Número de visitas según Comunidade Autónoma de referencia.

	Total	Porcentaxe nacionais	Porcentaxe total
Galicia	183	17,84 %	15,44 %
Andalucía	75	7,31 %	6,33 %
Aragón	38	3,70 %	3,21 %
Asturias	45	4,39 %	3,80 %
Canarias	2	0,19 %	0,17 %
Cantabria	17	1,66 %	1,43 %
Castilla y León	74	7,21 %	6,24 %
Castilla La Mancha	60	5,85 %	5,06 %
Cataluña	88	8,58 %	7,43 %
Extremadura	18	1,75 %	1,52 %
La Rioja	4	0,39 %	0,34 %
Madrid	275	26,80%	23,21 %
Murcia	10	0,97 %	0,84 %
Navarra	5	0,49 %	0,42 %
País Vasco	104	10,14 %	8,78 %
Valencia	28	2,73 %	2,36 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.

Gráfico 4: Visitas nacionais según Comunidade Autónoma de referencia



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación



Sen embargo, tal e como podemos apreciar na Táboa 4 e no Gráfico 4, o ránking de enquisados nacionais non é liderado por galegos – que se sitúan en segunda posición – senón por madrileños que, cun 26,80 % de enquisas ocupan o primeiro posto. O 10,14 % proceden do País Vasco, o 8,58 % de Cataluña e o 7,31 % de Andalucía.


O resto de Comunidades Autónomas ofrecen unha menor representatividade, estando Baleares en última posición cun 0,19 % de entrevistas realizadas ao non reflexar Canarias ningún dato.

Táboa 5: Número de visitas según país de referencia.

	Total	Porcentaxe extranxeiros	Porcentaxe total
Alemania	32	20,13 %	2,70 %
Argentina	17	10,69 %	1,43 %
Colombia	1	0,63 %	0,08 %
Estados Unidos	4	2,52 %	0,34 %
Francia	62	38,99 %	5,23 %
Italia	8	5,03 %	0,68 %
Nueva Zelanda	4	2,52 %	0,34 %
Portugal	6	3,77 %	0,51 %
Reino Unido	23	14,47 %	1,94 %
Suiza	2	1,26 %	0,17 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.

Gráfico 5: Número de visitas según país de referencia.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación




Como se especificou anteriormente as visitas estranxeiras recibidas no servizo municipal de información turística do Concello de Laxe durante o período comprendido entre o 15 de xullo e o 10 de agosto do ano 2017 ocuparon un 13,42 % das entrevistas totais, un total de 159. Como pode observarse na Táboa 5 e na Gráfica 5 os franceses cunha porcentaxe do 38,99 % son os estranxeiros que máis enquisas realizaron, seguidos de alemáns cun 20,13% e de británicos cun 14,47 %.

Táboa 6: Tipo de aloxamento escollido.

	Total	Porcentaxe
Laxe, aluguer	189	15,95 %
Laxe, hotel	105	8,86 %
De paso	279	23,54 %
Autocaravana / furgoneta	117	9,87 %
Vivenda propia / familiar / amigos	168	14,18 %
Non saben, dependen de se hai aloxamento dispoñible	17	1,43 %
Noutro Concellos de A Coruña	289	24,39 %
Outros	21	1,77 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.

Gráfico 6: Tipo de aloxamento escollido para pernoctar.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación

Como resultado das enquisas realizadas obtemos que o 24,39 % dos individuos participantes realizaron consultas turísticas en Laxe pero non pernoctaron neste Concello senón en outros Concellos da Coruña. O 23,54 % correspondeuse a visitantes que viñeron de paso polo Concello de Laxe sen intención de hospedarse.




Destaca tamén que un 1,43 % dos enquisados declarasen non ter claro o lugar onde pernoctarían e que a decisión dependería da dispoñibilidade que encontrasen no Municipio laxense.

Ó estudar os datos relativos ó sistema de aloxamento escollido por quenes si pernoctaron no municipio, obtemos que o aluguer de pisos e casas foi o sistema de aloxamento máis escollido (15,95 %) seguido da vivenda propia de familiares ou de amigos (14,18 %), a autocaravana ou furgoneta (9,87 %) e finalmente, en última posición, os establecementos reglados coma hoteis, hostais, apartamentos turísticos ou turismo rural (8,86 %).

Táboa 7: Tipo de aloxamento escollido en Laxe.

	Total	Porcentaxe hoteis	Porcentaxe total
AT “O Pescador”	5	4,76 %	0,42 %
Casa Rural de Arrueiro	6	5,71 %	0,51 %
Hostal Bahía	22	20,95 %	1,86 %
Hotel Playa de Laxe	57	54,29 %	4,81 %
Hotel Rústico “A Torre de Laxe”	6	5,71 %	0,51 %
La Casita del Príncip	9	8,57 %	0,76 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación




Das 105 persoas enquisadas que se aloxaron en establecementos legais pertencentes ó Concello de Laxe, un 54,29 % fixérono no Hotel Playa de Laxe*** e o resto distribuíuse entre o Hostal Bahía (20,95 %), La Casita del Príncipe (8,57 %), Hotel Rústico A Torre de Laxe (5,71 %), Casa Rural do Arrueiro (5,71 %) e os Apartamentos Turísticos O Pescador (4,76 %).

Táboa 8: Tempo da estadia en Laxe.

	Total	Porcentaxe
Horas	424	35,78 %
1 día	189	15,95 %
2-3 días	108	9,11 %
4-6 días	42	3,54 %
1 semana	163	13,76 %
Entre 1 semana e 15 días	6	0,51 %
15 días	65	5,49 %
Entre 16 días e 1 mes	6	0,51 %
1 mes	28	2,36 %
Máis dun mes	31	2,62 %
Outros	123	10,38 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación




Ó analizar o tempo da estadia dos enquisados obtívose que un 35,78 % estaba de paso en Laxe no momento de efectuar a consulta nos servizos municipais de información turística de Laxe. Un 15,95 % tiña previsto pasar o día. O 13,76 % estaba pasando, ou tiña intención de pasar, unha semana. O 5,49% estaba pasando ou tiña intención de pasar dúas semanas. E os demais repartíronse basicamente en períodos curtos comprendidos entre 1 e 6 días.

Táboa 9: Decisión da visita.

	Total	Porcentaxe
Vacacións / descanso	424	35,78 %
Patrimonio natural / cultural	6	0,51 %
Festas / actividades culturais	4	0,34 %
Tradición familiar	3	0,25 %
Interese persoal	6	0,51 %
Rota pola Costa da Morte / Galicia	614	51,81 %
Outros	128	10,80 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.

Gráfico 9: Motivación principal para a visita.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación


Os auténticos motivos que fixeron que os turistas visitaran o Concello de Laxe foron nun 35,78 % dos casos o disfrute de períodos vacacionais e/ou a busca de descanso e tranquilidade. Pero, fronte a estes, o grupo maioritario do 51,81 % escolleu o Concello como parte dunha visita que abarcou a Costa a Morte ou Galicia.



Táboa 10: Primeira visita a Laxe.

	Total	Porcentaxe
Si	896	75,61 %
Non, sempre de paso, nunca aloxado	17	1,43 %
Non, 1-3 anos visitando Laxe	8	0,68 %
Non, 4-6 anos visitando Laxe	8	0,68 %
Non, +6 anos visitando Laxe	55	4,64 %
Non, levaba uns anos sen vir	13	1,10 %
Non, teño casa propia / de familiares / de amigos	56	4,73 %
Non, veño de excursión / escapada cada vez que podo	14	1,18 %
Outros	118	9,96 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación

Tal e como pode observarse tanto na Táboa 10 coma no Gráfico 10, o 75,61 % dos enquisados atopábase en Laxe por primeira vez. De lonxe, un 4,73 % dos individuos contestou a esta cuestión dicindo que posúe unha vivenda propia, de familiares ou de amigos que utiliza para pernoctar nas súas visitas.




Táboa 11: Motivo da consulta.

	Total	Porcentaxe
Que ver / que facer?	431	24,70 %
Horarios e liñas de autobuses	43	2,46 %
Festas / actividades culturais	122	6,99 %
Hospedaxe	20	1,15 %
Información doutros lugares	376	21,55 %
Rotas de sendeirismo	336	19,26 %
Enderezos	30	1,72 %
Onde comer	18	1,03 %
Deportes / turismo activo	37	2,12 %
Outros	332	19,03 %

Elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación.

Gráfico 11: Motivo da consulta.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos da investigación

A última pregunta efectuada foi relativa ó motivo da consulta no Punto Informativo. Un 24,70 % dos visitantes fixo preguntas relacionadas con “que ver ou que facer”. O 21,55 % efectuou preguntas relacionadas con outros lugares. Con porcentaxes menores, o 19,26 % interesouse polas rutas de sendeirismo, e o 6,99 % preguntou por festas e actividades culturais.



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es

4. CONCLUSIÓNS



4. CONCLUSIONES

Froito deste traballo obtéñense unha serie de conclusións que, ó estaren derivadas dunha mostra que se considera representativa, permiten identificar os rasgos esenciais do consumidor turístico de Laxe en época estival.

É preciso aclarar que as conclusións que se formulan a continuación, céntranse basicamente en determinar as características xerais que posúen os turistas, os motivos e períodos de visita.

Para concretar, do estudo realizado pódense extraer as seguintes conclusións:

1. O Concello de Laxe non é un lugar receptor de turismo internacional. Os movementos turísticos son orixinados basicamente por residentes doutras provincias galegas ou por visitantes procedentes doutras comunidades autónomas españolas.
2. Segundo a análise dos datos procedentes de visitantes que declaron aloxarse en Laxe, o establecemento regulado non é a elección preferente. A meirande parte decantouse polo sistema de aluguer en oferta extra-hoteleira, polo uso da vivenda de familiares e/ou amigos, ou pola autocaravana ou furgoneta.
3. En Laxe existen dúas tipoloxías básicas de turistas: os clientes fieis formados por familias que escollen o municipio coma lugar onde asentarse para pasar os seus períodos vacacionais cunha estancia media de dúas semanas e cuns intereses baseados principalmente na reunión familiar e nas actividades culturais. E os clientes innovadores ou aventureiros que practican o touring e están de paso por Laxe buscando experiencias visuais e culturais en contacto co espazo natural. Este segundo grupo (o máis numeroso) acode a Laxe por motivos de ocio, por un interese persoal ou como parte dun circuito integrado pola Costa da Morte ou por Galicia, onde a razón fundamental é desfrutar do período vacacional.
4. As motivacións dos turistas obtéñense ó avaliar o tipo de consulta efectuada. Case a metade dos enquisados interésase por recibir indicacións sobre os lugares que se poden visitar tanto no Concello de Laxe coma nos Concellos da contorna, logo,



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es

practican touring na busca de experiencias visuais no medio. Por outro lado, as cuestións vencelladas a deportes, turismo activo e rutas de sendeirismo, tanto en Laxe coma nos arredores, preséntanse como outra das motivacións fundamentais da viaxe.

Desde unha perspectiva conceptual, a investigación levada a cabo, e os resultados dela obtidos, limítanse ó contexto dos seus propios obxectivos. En consecuencia, este estudo descriptivo proporciona información básica de cara a futuras investigacións nas que incluír cuestións que afecten á xeneralización dos resultados obtidos, cos que aportar un valor engadido ás estratexias de promoción e xestión turística deste Concello.

Novembro 2017
OFICINA DE TURISMO DE LAXE



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es

5. ANEXOS



5. ANEXOS

Anexo I. Cuestionario

1. Data
2. Cal é a súa procedencia?
 - Se é galego: especificar a provincia
 - Se é nacional: especificar a comunidade autónoma
 - Se é extranxeiro: especificar o país.
3. Cantas persoas lle acompañan na súa estancia en Laxe?
4. Que tipo de aloxamento escolliu/prende escoller para pasar a súa estancia en Laxe?
 - Laxe, en aluguer
 - Laxe, hotel
 - Se escolleu *Laxe, hotel* especificar cal:
 - AT “O Pescador”
 - Casa do Arco
 - Casa Rural do Arrueiro
 - Hostal Bahía
 - Hotel Playa de Laxe
 - Hotel Rústico “A Torre de Laxe”
 - De paso en Laxe
 - Autocaravana / furgoneta
 - Barco
 - Vivenda propia, de familiares ou amigos
 - Non o sabe, depende de que haxa aloxamento dispoñible
 - Noutros Concellos de Coruña
5. Canto tempo está pasando / ten pensado pasar en Laxe?
 - Horas
 - 1 día
 - Entre 2 e 3 días
 - Entre 4 e 6 días
 - 1 semana
 - Entre 8 e quince días
 - 2 semanas
 - Entre 16 días e 1 mes
 - 1 mes
 - Máis dun mes
 - Outros



6. Por que dicidiu visitar Laxe?

- Por vacacións ou descanso
- Pola súa riqueza natural e/ou cultural
- Polas súas festas / actividades culturais / actividades deportivas
- Porque é unha tradición familiar
- Porque mo recomendaron familiares / amigos /outros
- Por interese persoal
- Porque veño nunha excursión ou nun grupo organizado
- Porque estou facendo unha rota pola Costa da Morte / Galicia
- Outros

7. É a primeira vez que nos visita?

- Si
- Non, pero veño sempre de paso, nunca estou aloxado
- Non, levo entre 1 e 3 anos visitando Laxe
- Non, levo entre 4 e 6 anos visitando Laxe
- Non, levo máis de 6 anos visitando Laxe
- Non, pero levaba uns anos sen vir
- Non, porque teño unha casa en propiedade / de familiares ou de amigos
- Non, veño de excursión / escapada cada vez que podo
- Outros

8. Cal é o motivo da súa consulta?

- Que podo ver, que podo facer?
- Saber os horarios de autobuses
- Coñecer a programación de festexos e /ou actividades culturais
- Onde podo hospedarme
- Preciso información de outros lugares
- Cales son os sendeiros ou rotas de camiñata habilitados
- Busco un lugar / espazo concreto
- Onde podo comer
- Interésanme as propostas deportivas ou de turismo activo
- Outros